

O ADXECTIVO

Os adxectivos son palabras que expresan calidades ou estados das persoas, dos animais e das cousas.

Os adxectivos poden aparecer en distintos graos:

- **Grao positivo:** expresa simplemente unha calidade sen concretar con que intensidade a posúe o ser ou obxecto que a presenta. Exemplos: Abrigo azul, cadela mansa, compañeiro agradable.
- **Grao comparativo:** relaciona ou compara a intensidade con que dous seres ou obxectos posúen unha calidade. Poden ser:
 - De inferioridade:** Setembro é menos caloroso ca o mes de agosto.
 - De igualdade:** Un boneco tan bo coma un anxo.
 - De superioridade:** Esa lancha é máis rápida ca unha gamela.
- **Grao superlativo:** expresa unha calidade no seu grao máximo. Adoita formarse engadíndolle ao adxectivo o sufixo -ísimo/-ísima ou o adverbio moi. Exemplos: moi listo, listísimo.

1. Escribe ao lado de cada oración o adxectivo ou adxectivos que atopes en cada unha.

Pinocho era rico.

Os veciños estaban felices co seu novo veciño.

A estatua era alta.

O neno era valente e non tiña medo daqueles feos monstros.

A min encántanme os ovos fritos.

Aquela rapaza morena é a miña irmá Claudia.

Levámoslle á miña nai as flores azuis que tanto lle gustan.

Xosé pasou a tarde xogando co balón novo.

Daniel é un rapaz medroso.

A praia de Rodas é moi famosa.

O ADJECTIVO

2. Coloca cada adjectivo onde corresponda.

Boísimo - tan fermoso coma - máis grande ca – tan famosa coma -
menos barato ca – divertida – altísima - tan bo coma - moi doce – fría – vello -
menos ruidosa que – máis nevada que — máis bonita ca – menos preguiceiro.

COMP. IGUALDADE	COMP. SUPERIORIDADE	COMP. INFERIORIDADE
POSITIVO		SUPERLATIVO